

**COMPARECENCIA CONCELEIRO DEPORTES E NOVAS TECNOLOXÍAS A SOLICITUDE DE AER**

PLENO 4 OUTUBRO 2012. ACTA 16/2012

Por parte do Grupo Municipal de A.E.R. Solicítase a comparecencia da concelleira de servizos sociais, ensino e muller, nos seguintes términos:

**“Para que nos informe sobre o grado de execución dos orzamentos do seu departamento”.**

O concelleiro Varela Couñago di que se publicaron unhas bases das que se enteraron polo BOP nas que se establecían uns baremos e criterios pero lles falta por saber os resultados e afectan somentes a unha parte dos orzamentos. Sinala algúns dos defectos que considera teñen as bases en canto ao prazo de xustificación, que non é compatible co calendario de competicións, falla de atención a deportes minoritarios...etc. Pide que aclare a qué entidades sen ánimo de lucro foi a partida de 16.000 €. Dí que a instalación deportiva máis subvencionada é a piscina de Redondela e cuestionan que se pague o custe do combustible e de enerxía eléctrica. Pregunta pola comisión de servizos privatizados. Repasa o nivel de execución das distintas partidas correspondentes á deportes e Novas tecnoloxías. Considera que as bases das subvencións son mellorables e deben compartirse co resto dos grupos.

O concelleiro Crespo López dí que a intervención do voceiro de AER referíuse a moitas cousas aparte do grado de execución dos orzamentos. Dí que en deportes está executado o 84% do orzamento pero en novas tecnoloxías está en negativo. Acepta que deberíase consensuar as bases co resto dos grupos. Sinala que as axudas as solicitou quen quixo e di que nalgúns partidas están mal contabilizadas e tiveron que atender algúns imprevistos. Explica por qué algunhas partidas se atopan en negativo como por exemplo que en Novas Tecnoloxías: non estaban presupostados os gastos dos cursos de informática. Están ingresando agora e espera que estea en positivo para fin de ano.-